



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 17 DE DECEMBRO  
DE 2010**

**2.- Prórroga do contrato de Modernización e mellora da Xestión e da atención social, incluída no FES 2010.**

Acórdase solicitar á Dirección Xeral de Cooperación Local unha prórroga do prazo de execución do contrato de referencia por un período de 6 meses, ata o vindeiro 30 de xuño de 2011.

**3.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Servizo de edición e impresión de calendarios de mesa do ano 2011.**

Apróbase o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 36.000 euros más IVE.

**4.- Prórroga do contrato de Servizo de Vixilancia do Estadio de San Lázaro.**

Prorrégase por un ano o contrato de referencia a contar desde o 20 de decembro de 2010 ata o 19 de decembro de 2011, así como a revisión do prezo de adxudicación.

**5.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación da Subscripción de diversas pólizas de seguro para a cobertura dos riscos por Responsabilidade Civil-Patrimonial e risco colectivo de Accidentes do Concello de Santiago.**

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e técnicas, así como o inicio do expediente para citada contratación por procedemento abierto, establecéndose o tipo de licitación en función dos seguintes lotes: lote 1: 145.000 euros/ano; lote 2: 28.000 euros/ano.

**6.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Servizo de redacción de proxecto básico e executivo e proxecto de seguridade e saúde, dirección facultativa superior e media e coordinación de seguridade e saúde do Centro Cívico Santiago Norte.**

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e técnicas, así como o inicio do expediente para citada contratación por procedemento abierto, establecéndose un tipo de licitación de 85.164, 52 euros.

**7.- Aprobación de proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das Obras de Edificación destinada a Centro Xove de Creación Cultural da ALMÁCIGA.**

Apróbase o proxecto, o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento abierto, establecéndose un tipo de licitación de 224.027,07 euros.

**8.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á adxudicación do servizo de redacción do proxecto Vía Verde Santiago-Ordes.**

Adxudícase o contrato de referencia á FUNDACIÓN DE LOS FERROCARRILES ESPAÑOLES por un importe de 41.300 euros.

**9.- Proposta da concelleira delegada de Servizos relativa á aprobación do convenio de colaboración do Concello de Santiago con Unión Fenosa Comercial.**  
Apróbase o devandito convenio co obxecto de regularizar a facturación.

**10.- Dar conta do informe de intervención municipal relativo ós expedientes de contratación con referencias CON/146/2010 e CON/173/2010.**

Dáse conta do informe referido ao alleamento da parcela número 2 do proxecto de normalización de predios na rúa Betanzos.